

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE VIOLA



**PROF<sup>a</sup>: M<sup>a</sup> TERESA PÉREZ VILLANUEVA**

---

*CONSERVATORIO DE MÚSICA PROFESIONAL DE RIBEIRA ENRIQUE  
PAISAL  
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE VIOLA – CURSO 2025/2026*

## **GRAO ELEMENTAL**

### **I. OBXECTIVOS**

#### **A. OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL DE MÚSICA**

O grao elemental das ensinanzas de música ten como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética, para interpretar e gozar a música das diferentes épocas e estilos, e para enriquecer as súas posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmos, para vivir a música como medio de comunicación.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquirir as técnicas de estudo que permitan a autonomía no traballo e a valoración do mesmo.
- Interpretar música en grupo, habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente ao conxunto.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

#### **B. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ENSINANZA DOS INSTRUMENTOS DE CORDA NO GRAO ELEMENTAL DE MÚSICA.**

A ensinanza dos instrumentos de corda no grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda así como a coordinación entre os dous.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos e épocas, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Establecer os fundamentos da técnica básica do instrumento:
  - = Desenvolver a técnica básica do arco: emisión e continuidade do son.
  - = Adquirir unha técnica básica na man esquerda: desprazamentos, movementos, afinación.
  - = Conseguir un son correcto e ben timbrado en función dunha correcta interrelación entre o equilibrio corporal e movemento das extremidades.
- Conseguir destreza na lectura a vista.
- Desenvolver a memoria en función dunha mellor comprensión da linguaxe musical, control do instrumento e liberdade de expresión.
- Familiarizar o alumnado co coidado e mantemento do instrumento en boas condicións.

## **II. CONTIDOS**

Os contidos do grao elemental das especialidades de corda son os seguintes:

- Producción do son: Cordas ao aire, todo o arco e distintas lonxitudes deste.
- Posición do instrumento e do arco: control muscular.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.

- Coñecemento dos golpes de arco básicos e do vibrato como elementos de expresión musical.
- Estudo das posicións.
- Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda, así como da coordinación entre eles.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a vista de obras e fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión de estruturas musicais nos seus distintos niveis motivs, temas, períodos, frases, seccións, etc.- para chegar a través disto a unha interpretación consciente e non só intuitiva. Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.

### **III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a facilidade do alumnado para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico prácticos da linguaxe musical.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para utilizar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para percibir os aspectos

esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento intelectual e emocional e a súa formación teórica aínda que non as interprete por ser novas para el ou resultar aínda inabordables pola súa dificultade técnica.

- Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros e compañeiras nun traballo común.

Ao tratarse dunha ensinanza artística, resulta difícil cuantificar a cualificación seguindo criterios totalmente obxectivos. Pese a isto, si hai certos parámetros facilmente observables, que serán a base da cualificación. Por iso, para obter unha cualificación de apto e, por tanto, superar o curso, establécese como requisito mínimo e indispensable a interpretación correcta de todos os exercicios e obras sinaladas no apartado “mínimos esixibles” de cada curso. Esta interpretación "correcta" si é avaliable obxectivamente, en función dos seguintes apartados:

- Correcta suxeición do instrumento e do arco dunha maneira natural que non dificulte a interpretación.

- Correcta medida e correcta lectura das notas.
- Correcta afinación. Demostración dun progresivo desenvolvemento da sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación.
- Diferenciación dos tipos de golpe de arco.
- Interpretación da obra ao seu tempo.
- Posición de mans e corpo.
- Calidade de son. Atención a indicacións dinámicas.
- Adquisición de bos hábitos de estudo. Interese do alumnado cara ao instrumento.
- Capacidade de auto-escoita e rectificación.
- Musicalidade, entendida como liberdade de fraseo dentro dos límites do ritmo/tempo.
- Participación activa en audicións, clases colectivas, concertos doutros departamentos... e, por suposto, asistencia regular ás clases.

#### **IV. PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:**

Conceptos xerais:

O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas, a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno/a. A avaliación será continua durante todo o curso. Ó termino do grao elemental o alumnado que desexe

acceder ao grao profesional deberá realizar unha proba perante un tribunal que xulgue a capacidade do alumnado para o acceso a dito grao.


O procedemento de avaliación continúa realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará un método de observación sistemática do alumnado, o cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas.

Tamén se incluírá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso.

O mesmo profesorado tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos/as, e o seu grao de motivación.

#### **V. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN**

Ademais dos mínimos esixibles en cada curso, realizarase unha media dos criterios de avaliación, puntuando do **1 ao 10**.



## I. CONTIDOS

### TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

#### 1 – PRIMEIRA AVALIACIÓN:

- Nocións básicas sobre características e mantemento do instrumento.
- Iniciación á lectura na clave de Do en 3ª liña.
- Exercicios para conseguir un bo equilibrio corporal, un bo ritmo e a educación do movemento como base para abordar a técnica instrumental.
- Exercicios para a correcta colocación do arco e da viola.

#### 2 - SEGUNDA AVALIACIÓN:


- Colocación da man esquerda e dominio das dúas primeiras formacións dos dedos da man esquerda en primeira posición (semitón entre 2º e 3º dedos, e entre 1º e 2º). Escalas e arpxos correspondentes a estas dúas formacións.
- Golpes de arco sinxelos: detaché, staccato e legato.
- Utilización de distintas articulacións e comprensión elemental da distribución do arco.
- Pizzicatos con ambas as mans.

#### 3 - TERCEIRA AVALIACIÓN:

- Exercicios para o dominio e fortalecemento do 4º dedo da man esquerda.
- Exercicios básicos de cambio de corda.
- Iniciación ao desprazamento do arco sen contacto coa corda.
- Utilización de diferentes matices e dinámicas.
- Memorización de fragmentos ou pezas simples.
- Desenvolvemento da lectura a primeira vista.
- Interpretación de pezas en grupo e con acompañamento de piano.

## II. OBXECTIVOS

- Saber tocar escalas e arpexos utilizando as dúas primeiras formacións da man esquerda, combinando diferentes ritmos e os golpes de arco traballados durante o curso.
- Tocar estudos e pezas nas dúas primeiras formacións da man esquerda, golpes de arco simples, matices elementais, a solo, con acompañamento de piano e tamén en grupo.
- Demostrar facilidade na memorización e lectura á vista de fragmentos apropiados a este nivel.



## III. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Saber tocar as seguintes escalas co seu respectivo arpexo: Do Maior (2 oitavas), Sol Maior, Re Maior e A menor (unha oitava), combinando golpes de arco e ritmos sinxelos.
- Tocar pezas simples na primeira e segunda formación dos dedos da man esquerda a solo ou con acompañamento de piano. Interpretaranse dúas pezas a elixir entre as seguintes:
  - = Suzuki. Allegro N°.9 (Suzuki : *Suzuki Viola School*\*. Vol.I. Warner Bross Publ. Inc.).
  - = Suzuki. Perpetual Motion N°.10 (Suzuki : *Suzuki Viola School*\*. Vol.I. Warner Bross Publ. Inc.).
  - = H. Purcell. Menuet N°. 25 (Volmer, B.: *Bratschenschule*, vol. I. Schott).
  - = Colledge, K. and H. Polka dots. (Colledge, K. and H.: *Waggon Wheels*\*. Boosey & Hawkes).

#### **IV. RECURSOS DIDÁCTICOS E REPERTORIO ORIENTATIVO**

- Suzuki : Suzuki Viola School\*. Warner Bross Publ. Inc.
- Rolland, P.: Young Strings in Action. Boosey & Hawkes.
- Volmer, B.: Bratschenschule, vol. I. Schott.
- Mateu, E.: Iniciación a la viola. Real Musical.
- Nelson, S.: Right from the start\*. Boosey & Hawkes.
- Colledge, K. and H.: Stepping stones\*. Boosey & Hawkes.
- Colledge, K. and H.: Waggon Wheels\*. Boosey & Hawkes.
- Elgar, E.: Seis pezas fáciles\*. Bosworth.
- Cohen, M.: Superstudies for viola, book I. Faber.
- Reinecke, C.: 10 Kleine Stücke für Viola und Klavier\*. SHOTT VAB 59.
- Kinsey, H.: Easy Progressive Studies (Set I). ABRSM.
- Kinsey, H.: Elementary Progressive Studies (Set I, Twenty – four studies in the first position). ABRSM.
- Kinsey, H.: Elementary Progressive Studies (Set II, Twenty – four studies in the first and third positions). ABRSM.
- Viola scales and arpeggios (Book I). ABRSM.
- Carse A.: Viola School of Progressive Studies. Stainer & Bell.
- Garlej & Gonzales. Método de Viola. Henry Lemoine. París.
- Woof R.: Fifty Elementary Studies. ABRSM.

## I. CONTIDOS

### TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

#### 1 - PRIMEIRA AVALIACIÓN:

- Continuación e desenvolvemento dos contidos do curso anterior.
- Lectura da clave de Do en terceira liña.
- Traballo de todas as formacións dos dedos da man esquerda, en primeira posición. Escalas e arpexos nestas formacións.
- Coñecemento e manexo básico dos golpes de arco e a súa aplicación en escalas, arpexos, estudos e obras: detaché, martelé, legato e staccato.
- Correcta distribución do arco e aplicación de distintas articulacións.

#### 2 - SEGUNDA AVALIACIÓN:

- Ampliación dos recursos musicais e expresivos.
- Exercicios preparatorios para o cambio de posición e o vibrato.
- Comprensión e aplicación dos distintos termos musicais que aparecen no repertorio traballado (a tempo, da capo, dolce, tempo I ...).
- Memorización de fragmentos ou pezas adecuadas a este nivel e desenvolvemento da lectura a primeira vista.

#### 3 - TERCEIRA AVALIACIÓN:

- Interpretación de dúos, pezas en grupo e con acompañamento de piano.
- Exercicios para o control básico da afinación, utilizando intervalos de 2ª, 3ª, 4ª, 5ª e 6ª coa corda ao aire.
- Iniciación aos harmónicos naturais.

- Exercicios para o movemento vertical, horizontal e transversal dos dedos da man esquerda.
- Control do desprazamento do arco sen contacto coa corda.

## **II. OBXECTIVOS**

- Continuar e desenvolver os obxectivos do curso anterior.
- Saber tocar escalas e arpexos utilizando todas as formacións da man esquerda en primeira posición, combinando diferentes ritmos e os golpes de arco traballados durante o curso.
- Tocar estudos e pezas que inclúan todas as formacións dos dedos da man esquerda, golpes de arco elementais e elementos básicos de fraseo, a solo, con acompañamento de piano e tamén en grupo.
- Demostrar facilidade na memorización e lectura a primeira vista de fragmentos apropiados para este nivel

## **III. MÍNIMOS ESIXIBLES**

- Tocar escalas e arpexos utilizando as tres primeiras formacións da man esquerda. Dúas oitavas: Re maior. Unha oitava: Mi e Fa maiores, Sol e Re menores melódicas, ademais das traballadas no curso anterior, combinando diferentes ritmos e golpes de arco.
- Tocar estudos e pezas que inclúan as tres primeiras formacións da man esquerda, golpes de arco elementais e elementos básicos de fraseo, a solo, con acompañamento de piano. Interpretaranse dúas pezas a elixir entre as seguintes:
  - = Suzuki. Menuet N°.2 (N°.16) (Suzuki: Suzuki Viola School\*. Vol.II. Warner Bross Publ. Inc.).
  - = Beethoven L.V. Sonatina. N°.70 (Garlej & Gonzales. Método de Viola. Henry Lemoine. París).

- = Colledge, K. and H. The Ceilidh. N°20. (Colledge, K. and H.: Fast Forward\*. Boosey & Hawkes).
- Tocar exercicios ou melodías sinxelas na cuarta e quinta formación que demostren un control básico sobre a afinación destas formacións.

#### **IV. RECURSOS DIDÁCTICOS E REPERTORIO ORIENTATIVO**

- 
- Suzuki : Suzuki Viola School\*. Warner Bross Publ. Inc.
  - Rolland, P.: Young Strings in Action. Boosey & Hawkes.
  - Volmer, B.: Bratschenschule, vol. I. Schott.
  - Mateu, E.: Escalas y arpegios. Real Musical.
  - Nelson, S.: Piece by piece. Boosey & Hawkes.
  - Colledge, K. and H.: Fast Forward\*. Boosey & Hawkes.
  - Hoffmann, R. Estudos Op. 86. Peters.
  - Wohlfahrt. Estudos Op. 45. Peters.
  - Cohen, M.: Superstudies for viola, book I. Faber.
  - Hartung – Ehlert, H.: Gemeinsam von Anfang an. Bärenreiter.
  - Corrette, M.: Menuett. Schott VAB 39.
  - Norton, C.: Microjazz for Starters. Boosey & Hawkes.
  - Garlej & Gonzales. Método de Viola. Henry Lemoine. París.
  - Classens H. Alto Classique. Vol. A. Editions M. Combre.
  - Mateu, E. Iniciación a la Viola. Real Musical.
  - Reinecke, C.: 10 Kleine Stücke für Viola und Klavier\*. SHOTT VAB 59.
  - Kinsey, H.: Easy Progressive Studies (Set II). ABRSM.
  - Kinsey, H.: Elementary Progressive Studies (Set I, Twenty – four studies in the first position). ABRSM.
  - Kinsey, H.: Elementary Progressive Studies (Set II, Twenty – four studies in the first and third positions). ABRSM.
  - Joubert, C. H.: Mélusine\* pour alto à cordes et piano. Robert Martin.

- Joubert, C. H.: Menuet de L. Argyronete\* pour alto à cordes et piano. Robert Martin.
- *Viola scales and arpeggios* (Book I). ABRSM
- Colledge, K and H.: *Shooting Stars\**. Boosey & Hawkes.
- Carse A.: *Viola School of Progressive Studies*. Stainer & Bell.
- Woof R.: *Fifty Elementary Studies*. ABRSM.

## TERCEIRO CURSO DO GRAO ELEMENTAL

### I. CONTIDOS

#### TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

##### 1 - PRIMEIRA AVALIACIÓN:

- Continuación e desenvolvemento dos contidos dos cursos anteriores.
- Lectura da clave de Do en terceira liña.
- Traballar ata o dominio de todas as formacións dos dedos da man esquerda.
- Iniciación ao cambio de posicións (2ª e 3ª).
- Escalas e arpejos incluíndo cambios de posición.

##### 2 - SEGUNDA AVALIACIÓN:

- Desenvolvemento da velocidade da man esquerda. Exercicios para a articulación e independencia dos dedos da man esquerda. Iniciación ao trino.
- Control dos extremos do arco: talón e punta.
- Iniciación ao vibrato.
- Ampliación dos recursos dinámicos e expresivos.
- Iniciación ás dobres cordas.

### 3 - TERCEIRA AVALIACIÓN:

- Ampliación dos golpes de arco.
- Memorización de fragmentos e pezas adecuadas ao nivel.
- Lectura a primeira vista.
- Interpretación de pezas a solo, dúos, pezas en grupo e con acompañamento de piano.
- Exercicios básicos de cromatismo.
- Exercicios de cambios de corda ligados e soltos, continuos e alternos.
- Harmónicos naturais.

## II. OBXECTIVOS

- Continuar e desenvolver os obxectivos dos cursos anteriores.
- Escalas e arpexos maiores en dúas oitavas incluíndo cambios de posición (ata 3ª). Escalas e arpexos menores nunha oitava.
- Interpretar estudos e pezas a solo, en grupo e tamén con acompañamento de piano que inclúan cambios de posición, vibrato, matices, golpes de arco variados, e demostrando velocidade e coordinación entre ambos os brazos.
- Demostrar facilidade na memorización e lectura a vista de fragmentos apropiados para este nivel.

## III. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Tocar escalas e arpexos utilizando todas as formacións da man esquerda. Dúas oitavas: Mi maior, Mib maior, Fa maior con extensión na última nota con 4º dedo, ademais das traballadas no curso anterior, combinando diferentes ritmos e golpes de arco.
- Tocar estudos e pezas que inclúan todas as formacións da man esquerda, golpes de arco elementais e elementos básicos de fraseo, a solo, con acompañamento de piano. Interpretaranse tres pezas a elixir entre as seguintes:
  - = Haendel G.F.: Allegro N°. 81 (Volmer, B.: Bratschenschule. Vol.I. Schott.).
  - = Wohlfahrt: Estudio N°.16 (Wohlfahrt. Estudios Op. 45. Peters) (ou N°. 118 de Volmer, B.: Bratschenschule. Vol.I).

- = Thomas A.: Gavotte from “Mignon” (Suzuki: Suzuki Viola School\*.Vol. II. Nº.9 Warner Bross Publ. Inc.).
- = Schumann R. “The Two Granadiers” (Suzuki: Suzuki Viola School\*.Vol. II. Nº.7 Warner Bross Publ. Inc.).
- Tocar ejercicios básicos de cambios a Terceira posición. Interpretarase unha peza ou escala a elixir entre as seguintes:
  - = Escala de Do Maior ou Sol Maior en dúas oitavas cambiando a terceira posición.
  - = Mozart W.A.: German Dance. Viola Music\*. Editio Musica Budapest.
  - = Cohen, M.: Estudo Nº.1 “Oberture and Beginners...”. (Cohen, M.: Superstudies for viola, book II. Faber).

#### **IV. RECURSOS DIDÁCTICOS E REPERTORIO ORIENTATIVO**

- Suzuki : Suzuki Viola School\*. Warner Bross Publ. Inc.
- Rolland, P.: Young Strings in Action. Boosey & Hawkes.
- Volmer, B.: Bratschenschule. Vol. I e II. Schott.
- Mateu, E.: Escalas y arpeggios. Real Musical.
- Mackay, N.: Position changing for the viola. Oxford University Press.
- Mackay, N.: Easy positios tunes for viola. OUP.
- Nelson, S.: Piece by piece\*. Boosey & Hawkes.
- Nelson, S.: Technitunes. Boosey & Hawkes.
- Nelson, S.: Keytunes. Boosey & Hawkes.
- Hoffmann, R. Estudos Op. 86. Peters.
- Wohlfahrt. Estudos Op. 45. Peters.
- Cohen, M.: Superstudies for viola, book II. Faber.
- Hartung – Ehlert, H.: Gemeinsam von Anfang an. Bärenreiter, BA 6680.
- Corrette, M.: Menuett. Schott VAB 39.
- Norton, C.: Microjazz for viola. Boosey & Hawkes.
- Kuchler, F.: Concertino Op. 11.

- Carse A.: Viola School of Progressive Studies. Stainer & Bell.
- Kinsey, H.: Easy Progressive Studies (Set II). ABRSM.
- Kinsey, H.: Elementary Progressive Studies (Set I, Twenty – four studies in the first position). ABRSM.
- Kinsey, H.: Elementary Progressive Studies (Set II, Twenty – four studies in the first and third positions). ABRSM.
- Joubert, C. H.: Mélusine\* pour alto à cordes et piano. Robert Martin.
- Joubert, C.H.: Menuet de L Argyronete\* pour alto à cordes et piano. Robert Martin.
- Viola scales and arpeggios (Book I). ABRSM
- Colledge, K and H.: Shooting Stars\*. Boosey & Hawkes.
- Viola Music\*. Editio Musica Budapest.
- Woof R.: Fifty Elementary Studies. ABRSM.

## CUARTO CURSO DO GRAO ELEMENTAL

### I. CONTIDOS

#### TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

##### 1 - PRIMEIRA AVALIACIÓN:

- Continuación e desenvolvemento dos contidos dos cursos anteriores.
- Afianzamento das tres primeiras posicións, cambios de posición e introdución ás posicións máis altas.
- Perfeccionamento dos golpes de arco coñecidos: legato, detaché, martelé, staccato, spiccato.
- Ampliación no traballo de dobres cordas.
- Ampliación no traballo de harmónicos.

## 2 - SEGUNDA AVALIACIÓN:

- Iniciación aos acordes de tres e catro notas.
- Notas de adorno e trinos.
- Escalas maiores e arpexos en dúas oitavas. Escalas e arpexos menores nunha oitava. Escalas maiores en tres oitavas: Do e Re maiores.
- Desenvolvemento da lectura a primeira vista, memorización, lectura noutras claves.
- Interpretación de pezas a solo, a dúo, en grupo, con acompañamento de piano, adecuadas a este nivel.

## 3 - TERCEIRA AVALIACIÓN:

- Exercicios de articulación da man esquerda en legato e con velocidade. Control e desenvolvemento das articulacións.
- Control dos distintos recursos expresivos: vibrato, glissando, portamentos, ataques, etc.
- Traballo no son ben timbrado e expresivo.
- Asimilación dos conceptos: punto de ataque e contacto, velocidade e presión, punto de equilibrio...

## II. OBXECTIVOS

- Continuar e desenvolver os obxectivos de cursos anteriores.
- Tocar escalas e arpexos maiores nunha e dúas oitavas ata a terceira posición. Escalas e arpexos menores nunha oitava. Do e Re maiores en tres oitavas.
- Tocar estudos e pezas a solo, con acompañamento de piano ou outro instrumento e en grupo, incluíndo cambios de posición, vibrato, expresividade, diversidade de golpes de arco, fraseo, notas de adorno e trinos. Especial atención á velocidade da man esquerda e a calidade do son.
- Demostrar facilidade na memorización e lectura a vista de fragmentos apropiados para este nivel.

### **III. MÍNIMOS ESIXIBLES**

- Tocar escalas e arpejos con cambios de posición ata a terceira. Re b Maior en 1ª pos. fixa, Fa Maior en 2ª pos. fixa, Fa menor e Sol menor naturais, melódicas e harmónicas en 3ª pos. fixa e Sol Maior en dúas oitavas con cambio, ademais das traballadas no curso anterior.
- Tocar estudos e pezas que inclúan cambios de posición ata a terceira cunha afinación correcta, utilizando varios golpes de arco e elementos básicos de fraseo, a solo, en grupo e tamén con acompañamento de piano.

### **IV. RECURSOS DIDÁCTICOS E REPERTORIO ORIENTATIVO**

- Suzuki : Suzuki Viola School\*. Warner Bross Publ. Inc.
- Rolland, P.: Young Strings in Action. Boosey & Hawkes.
- Volmer, B.: Bratschenschule. Schott.
- Mateu, E.: Escalas y arpegios. Real Musical.
- Forbes, W.: A first book of scales and arpeggios for viola pleyers. OUP
- Mackay, N.: Position changing for the viola. Oxford University Press.
- Mackay, N.: Easy positios tunes for viola. OUP.
- Nelson, S.: Technitunes. Boosey & Hawkes.
- Nelson, S.: Keytunes. Boosey & Hawkes.
- Hoffmann, R. Estudos Op. 86. Peters.
- Wohlfahrt. Estudos Op. 45. Peters.
- Cohen, M.: Superstudies for viola, book II. Faber.
- Cohen, M.: Technique takes offl. Faber.
- Uhl, A.: DreiBig Etüden für viola. Schott VAB 44.
- Hartung – Ehlert, H.: Gemeinsam von Anfang an. Bärenreiter, BA 6680.
- Pleyel, I.: 6 Duetos, Op 8. Peters.
- Corrette, M.: Zwei Sonaten. Schott VAB 39.
- Telemann, G.P.: Concerto en Sol para viola e orquestra\*. Bärenreiter.
- Marcello, B.: Sonata en Do para viola e continuo\*. International Music Company.
- Marcello, B.: Sonata en Sol para viola e continuo\*. International Music Company.
- Vivaldi, A.: Sonata en mi menor\* RV 40. IMC.
- Bach, J.S.: Minuetto I e II, da primeira suite. Chester Music.

- Bach, J.S.: Bourrée I e II, da terceira suite. Chester Music.
- Fiocco, H.: Allegro\*. Bosworth.
- Varios.: Alto Classique\*, Vol B. Combre.
- Kalliwoda, J.W.: 6 Nocturnes\* Op186. Peters.
- Norton, C.: Microjazz for viola. Boosey & Hawkes.
- Kinsey, H.: Easy Progressive Studies (Set II). ABRSM.
- Kinsey, H.: Elementary Progressive Studies (Set III, Twenty – four studies in the third, second and fifth positions). ABRSM.
- Viola scales and arpeggios (Book I). ABRSM.
- Colledge, K and H.: Shooting Stars\*. Boosey & Hawkes.
- Woof R.: Fifty Elementary Studies. ABRSM.

### ACCESO AO PRIMEIRO CURSO DO GRAO PROFESIONAL

---

En todas as especialidades instrumentais realizarase unha proba con dúas partes diferenciadas:

#### **A) Exercicio práctico.**

Interpretación de tres obras de diferentes estilos, unha delas de memoria. No BOE do 10 de febreiro de 1995 publicouse un listado orientativo de obras. Nesta programación inclúese outro listado, tamén orientativo. Este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, sendo necesario un mínimo de 5 para superalo.

#### **B) Exercicio teórico.**

Contidos xerais de nivel equivalente ao curso anterior. Este exercicio valorarase de 1 a 10 puntos, sendo necesario un mínimo de 5 para superalo.

Unha vez superadas as dúas partes calcularase a media ponderada en 70% o exercicio práctico e 30% o teórico.


### **LISTADO ORIENTATIVO DE OBRAS**

- Wohlfahrt. Estudos Op. 45. Peters.
- Estudos nº 32, 34, 36 e 42.
- Cohen, M.: Technique takes off!. Faber Estudos nº 1 e 4.
- Uhl, A.: DreiBig Etüden für viola. Schott VAB 44 Estudio nº 2.
- Varios.: Das Studium der Viola. Bärenreiter 6613.
- Estudio nº 3, de Tomás Lestán.
- Corrette, M.: Zwei Sonaten. Schott VAB 39.
- Telemann, G.P.: Concerto en Sol para viola e orquestra\*. Bärenreiter. 2º Movemento: Allegro.
- Marcello, B.: Sonata en Do para viola e continuo\*. International Music Company.
- Marcello, B.: Sonata en Sol para viola e continuo\*. International Music Company.
- Vivaldi, A.: Sonata en mi menor\*RV 40. IMC. 2º Movemento: Allegro.
- Bach, J.S.: Primeira suite transcrita para viola. Chester Music. Minuetto I e II.
- Bach, J.S.: Terceira suite transcrita para viola. Chester Music.
- Bourée I e II
- Fiocco, H.: Allegro\*. Bosworth.
- Varios.: Alto Classique\*, Vol B. Combre.
- Beethoven: Romance
- Schumann: Reverie
- Kalliwooda, J.W.: 6 Nocturnes\*Op 186. Peters. Nocturno nº 3

### I. OBXECTIVOS

#### A. OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL DE MÚSICA

O grao profesional das ensinanzas de música ten como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- 
- Habituar a escoitar música para formar a súa cultura musical e establecer un concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
  - Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e de enriquecemento personal.
  - Analizar e valorar criticamente a calidade da música en relación cos seus valores intrínsecos.
  - Coñecer os valores da música e optar polos aspectos emanados dela que sexan máis idóneos para o desenvolvemento personal.
  - Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
  - Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
  - Participar en actividades de animación musical e cultural que lles permitan vivir a experiencia de trasladar o goce da música a outros.
  - Valorar o dominio do corpo e da mente para utilizar con seguridade a técnica e para concentrarse na audición e interpretación.
  - Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos para conseguir unha interpretación artística de calidade.
  - Ter a disposición necesaria para saber integrarse nun grupo como un membro máis do mesmo ou para actuar como responsable do conxunto.

- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Coñecer e interpretar obras escritas en linguaxes musicais contemporáneas como toma de contacto coa música do noso tempo.
- Formarse unha imaxe axustada de si mesmos, das súas características e posibilidades, e desenvolver hábitos de estudo valorando o rendemento en relación co tempo empregado.

#### **B. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ENSEÑANZA DOS INSTRUMENTOS DE CORDA NO GRAO PROFESIONAL.**

A ensinanza dos instrumentos de corda no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade de acordo con este nivel.
- b) Aplicar cunha autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, fraseo, etc.
- c) Coñecer as diferentes convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- d) Practicar a música en conxunto, integrándose en formacións de cámara de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.
- e) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- f) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

Intentarase mentalizar ao alumnado do novo carácter do grao que inicia, das posibilidades profesionais dos estudos que realiza e das implicacións que iso supón desde o punto de vista da autoesixencia, tempo de dedicación, adecuación dos resultados, etc.

Procurarase conseguir, por parte do alumnado, un hábito de estudo a partir da sistematización e organización do traballo así como o establecemento dunhas “rutinas” para o exercicio da técnica.

## **II. CONTIDOS**

Os contidos do grao profesional das especialidades de corda son os seguintes:

- Continuación do traballo sobre cambios de posición.
- Dobres cordas e acordes de tres e catro notas.
- Desenvolvemento da velocidade.
- Perfeccionamento de todas as arcadas.
- Harmónicos naturais e artificiais.
- Traballo da polifonía.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Práctica de conxunto.
- Calidade sonora: Cantabile e afinación.
- O fraseo e adecuación aos diferentes estilos.
- Afondamento no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela se refiren e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das súas diferentes versións.
- Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.

### III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Utilizar o esforzo muscular e a respiración adecuados ás esixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar crispacións que conduzan a unha perda de control na execución.

- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de interrelacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.

- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.

- Interpretar obras das diferentes épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

- Interpretar obras a primeira vista de menor dificultade ao curso do alumnado en base a comprobar a súa axilidade na repentinización das obras.

- Demostrar o dominio da improvisación sobre estruturas melódica e armónicamente simples, nos graos fundamentais das principais tonalidades.

- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valorarase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro das mesmas.
- Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.
- Mostrar autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e a capacidade de autocrítica.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade artística.

#### **IV. PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:**

Conceptos xerais:

O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas, a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno/a. A avaliación será continua durante todo o curso. Ó termino do grao elemental o alumnado que desexe acceder ao grao profesional deberá realizar unha proba perante un tribunal que xulgue a capacidade do alumnado para o acceso a dito grao

O procedemento de avaliación continúa realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará un método de observación sistemática do alumnado, o cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas.

Tamén se incluírá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso.

O mesmo profesorado tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos/as, e o seu grao de motivación.

## **V. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN**

Ademais dos mínimos esixibles en cada curso, realizarase unha media dos criterios de avaliación, puntuando do **1 ao 10**.

## **VI. CONCERTO E PREMIO FIN DE GRADO**

Ao rematar o grao profesional o alumnado deberá tocar en público un programa adecuado para concerto e nivel do curso.

O alumnado deberá ter para optar ó premio de fin de grao, unha cualificación media mínima dun **8 no 6º curso de profesional**.

Para a concesión do premio de fin de grao será necesario que o alumnado acade unha cualificación mínima dun 9.

## PRIMEIRO CURSO DO GRAO PROFESIONAL

---

### I. CONTIDOS

#### TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

##### 1 – PRIMEIRA AVALIACIÓN:

- Continuación do traballo sobre cambios de posición.
- Dobres cordas e acordes de tres e catro notas.
- Desenvolvemento da velocidade.
- Perfeccionamento de todas as arcadas.
- Harmónicos naturais e artificiais.

##### 2 - SEGUNDA AVALIACIÓN:

- Traballo da polifonía.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Práctica de conxunto.
- Calidade sonora: Cantabile e afinación.
- O fraseo e adecuación aos diferentes estilos.


##### 3 - TERCEIRA AVALIACIÓN:

Afondamento no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela se refiren e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.

- Adestramento permanente e progresivo da memoria.

- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das súas diferentes versións.
